

X. Riveiro Costa (2004): “Transitividade preposicional en galego: v.t. + preposición *en* + obxecto directo”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 149-155.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

TRANSITIVIDADE PREPOSICIONAL EN GALEGO: V.T. + PREPOSICIÓN *EN* + OBXECTO DIRECTO

Xesús Riveiro Costa

Servicio de Traducción. Consellería da Presidencia. Xunta de Galicia

1. TRANSITIVIDADE E TRANSITIVIDADE PREPOSICIONAL

Na gramática tradicional ou académica española a transitividade é entendida como un modelo constituído por un axente, unha acción e un obxecto e afirmase que unha actividade exercida por un suxeito ou axente *pasa* ó obxecto da oración.

O verbo transitivo era definido xeralmente como aquel que se constrúe con obxecto directo.

E o obxecto ou complemento directo defínese como a palabra que precisa significación do verbo transitivo e denota ó mesmo tempo a persoa ou cousa nos que se cumpre ou remata a acción expresada por aquel.

Nesta concepción, no plano formal, o verbo transitivo e o obxecto directo forman unha unidade sintáctica e entre eles non media preposición.

Pero tanto nalgunhas gramáticas españolas como sobre todo nas doutras linguas xa se admite a existencia de verbos transitivos directos (unidos ó complemento sen que medie preposición) e verbos transitivos indirectos (a través dunha preposición).

Era necesario un novo punto de vista deste aspecto sintáctico e semántico e así, nos últimos anos comeza a reformularse o feito da transitividade.

Un estruturalista como Andreas Blinkenberg considera que a transitividade debe entenderse como un aspecto gramatical no que se nos amosa a interdependencia semántico-sintáctica propia dos feitos da lingua (Blinkenberg1960: 7 e ss).

Afirma que “o contido dun membro de frase dado non se basta a si mesmo, senón que remite a outro: o feito de non se completar a si mesmo o primeiro membro fai que sexa preciso un complemento” (Ib.: 12)

Isto é o que se pode entender como a idea xeral da transitividade: a interdependencia dos elementos das construcións lingüísticas, pola que un verbo transitivo só se com-

pletará significativamente coa aparición dun complemento. Isto supón unha reacción ou determinación do verbo a través da cohesión dos elementos da frase, cohesión da que derivará en última instancia a transitividade.

Fronte á determinación circunstancial, que supón a complementación de toda a oración, non só do predicado, na reacción transitiva o segundo elemento do grupo transitivo, o obxecto (directo) pode entenderse como un complemento que se atopa nunha relación de dirección, incidencia ou resultado coa idea expresada polo verbo.

Polo que se refire á transitividade preposicional, Cano Aguilar (1981: 23) afirma que do mesmo xeito que o caso perdeu o seu valor inicial, pasando o seu sentido ó verbo e quedando aquel só como marca de relación, a preposición ou unha suposta preposición cero manifestarían formalmente a relación de reacción na que consiste a transitividade.

En consecuencia, parece claro que a transitividade manifestada a través dunha preposición sexa unha faceta máis nas relacións transitivas entre dous termos (verbo e complemento) dunha oración; proba disto é a función denominada suplemento ou obxecto preposicional.

En canto ós criterios establecidos para delimitar ou recoñecer unha estrutura transitiva de obxecto directo, pódese afirmar que non existe unha regra universal e no caso da transitividade preposicional os criterios formais non poden, obviamente, ser aplicados analógicamente ós casos nos que o obxecto vai introducido pola preposición *a*.

No nivel semántico pode ser realizada esa delimitación tendo en conta dous aspectos:

- a) que exista unha indeterminación significativa no verbo, a cal fai que este esixa un complemento, e
- b) que exista cohesión entre o verbo e o obxecto, a cal virá caracterizada pola reacción.

Débase ter en conta, finalmente, que a preposición pode ser considerada como un simple ligamento gramatical, sen consecuencias semánticas, pois seguindo o mencionado Blinkenberg:

Así como se deu unha redución semántica dos valores das desinencias casuais, tamén asistimos a unha redución semántica das preposicións” (Cano 1981: 20).

2. DESCRICIÓN XERAL DA ESTRUCTURA TRANSITIVA CON PREPOSICIÓN *EN* EN GALEGO

O esquema xeral desta construción é o constituído no plano semántico polas funcións de axente, acción e termo e no plano sintáctico por un suxeito, un verbo (transitivo activo) e un obxecto. A característica máis salientable é que entre verbo e obxecto interponse a preposición *en*, xeralmente contraída cos artigos determinado ou indeterminado.

O obxecto pode ser unha persoa ou cousa, e á súa vez admite ser substituído por un pronome persoal:

Sempre lía no mesmo libro / Sempre lía nel

Igualmente, entre o verbo e a preposición poden intercalarse modificacións de tipo adverbial que inciden no aspecto temporal-durativo, como vemos nestes exemplos:

Os patróns beben longamente no licor café

Eu cuidando todos os anos nela

3. VALORACIÓN SIGNIFICATIVA E FUNCIONAL DA ESTRUCTURA TRANSITIVA CON PREPOSICIÓN *EN*

a) Plano do significado

a.1.) Tipos de verbos que conforman esta estrutura. Dos casos recollidos na fala viva de todo o territorio galego e da lingua escrita, fundamentalmente a literaria, obtemos que nesta construción entran verbos transitivos como *achaiar, afiar, agarrar, amar, apañar, arrincar, atar, atravesar, beber, botar, cerrar, coidar, coller, comer, cortar, chamar, empuxar, escoitar, escoller, espallar, estudar, fiar, fregar, mallar, matar, muxir, picar, pitiscar, preguntar, repartir, roer, sementar, soñar, tecer, tocar, traballar, xogar...*; é dicir, trátase de verbos *transitivos activos* na súa maioría, que expresan unha actividade física ou psíquica dirixida a un obxecto. Así mesmo, son verbos de carácter *transformativo*, é dicir, *tendentes a un resultado* ou transformación verificada no obxecto (*aprender, buscar*), fronte a outros de carácter non transformativo ou resultativos, que implican xa un resultado consumado (*saber, atopar*).

a.2.) Unha clasificación destes verbos por *clases aspectuais*, segundo a clasificación de García Sánchez (1980), lévanos a analiza-lo aspecto verbal non no plano gramatical (aspecto perfectivo/ aspecto imperfetivo), que non ten incidencia nesta cuestión, senón polo contrario no plano léxico-semántico. É dicir, no plano gramatical, unha acción pode ser perfectiva ou rematada desde o punto de vista temporal, pero isto non ten incidencia na natureza do proceso en si mesmo, que pode seguir considerándose no seu desenvolvemento ou non, por exemplo: *Estivo ulindo nel* indícanos un proceso no seu desenvolvemento nun momento do pasado.

Deixando de lado a cuestión aspectual gramatical e tendo en conta, no plano da semántica verbal, o aspecto *secuencial*, que contempla a acción no seu desenvolvemento, obtemos unha acción *non resultativa* fronte a outra resultativa, do tipo *buscar/atopar, aprender/saber*, coincidentes cos transformativos/non transformativos vistos arriba; e tendo en conta igualmente o aspecto *extensional*, que dá conta da duración relativa dunha acción fronte a outra de carácter puntual: *buscar* (durativo) / *atopar* (puntual),

teríamos unha correspondencia entre estes dous aspectos, de tal xeito que unha acción durativa (*buscar*) tamén sería non resultativa mentres que unha acción puntual (*atopar*) sería tamén resultativa.

Se aplicamos estes modelos aspectuais ós verbos transitivos activos que adoitan entrar na estrutura con preposición *en*, obtemos como resultado que, en xeral, a clase aspectual destes verbos sería a de *durativos non resultativos* (fronte a puntuais resultativos), que en consecuencia darían conta dunha acción contemplada durante o seu desenvolvemento progresivo e gradual, na súa duración, sen considera-lo resultado virtual dela.

En definitiva, estaríamos ante un modo explícito de expresar un proceso en fase de desenvolvemento, eliminando do acto comunicativo concreto o seu final ou resultado virtual, como podemos observar claramente nestes exemplos:

Estivo toda a noite cerrando na ventá e non a deu cerrado

Atopou unha ovella de menos

e foina buscar;

cinco lobos comían nela,

non a puideran acabar.

Isto explica o feito de que polo xeral estas construcións aparezan acompañadas de perífrases que inciden no proceso que se está a desenvolver (incoativas, durativas), perífrases aspectuais de xerundio, infinitivo, xerundial, etc. como vemos nestes exemplos paradigmáticos¹:

Estudiar: Púxose a estudar nos libros

Contentar: Foron contentando no home

Facer: Estaba facendo no chocolate

Traballar: Mira como fan panales, como traballan na cera

Odiar: E aprendía a odiar nos franceses

Xogar: E tamén o pasabamos ben xogando nas cartas

Coser: Vintecinco costureiras cosendo nunha camisa

Agarrar: E ela a agarrar nunha galiña

Empuxar: A festa do deporte ... Eu creo que hai que seguir empuxando nela

Repartir: E tábache alí, debaixo dunha maceira repartindo nos cartos

Segar: Se o tempo vale xa se empeza a segar na herba pra secar. Segala e tela un par de días ó sol

¹ Tanto os exemplos que se ofrecen a seguir como os que aparecen ó longo do traballo están extraídos de diversas fontes: textos medievais (*Crónica Troiana*, *General Estoria* e *Mirages de Santiago*), textos literarios clásicos e actuais, textos dialectais de practicamente tódolos bloques e áreas do galego, dos medios de comunicación (prensa e radio) e finalmente, aportados por persoas concretas.

Omitense as referencias deles, as cales se atopan recollidas, para calquera consulta, no traballo de doutoramento do mesmo título e autor, depositado no Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

Cómpre advertir tamén que algúns destes exemplos foron abreviados en función dos intereses concretos deste traballo e en moitos casos, sobre todo os recollidos en traballos dialectais (teses de licenciatura) foron reconvertidos á lingua escrita estándar.

Sementar: E agora estamos a sementar no millo

Pegar: ¡Que calquera pegaba en min, que estaba máis enfadada...!

Expoñer: As teorías de Don Amaro eran outras e ía expoñendo nelas por rúas e prazas de Sevilla

Finalmente, hai que dicir que o aspecto extensional durativo inclúe a modalidade reiterativa, que ven expresada no plano léxico por verbos como *rabuñar*, *petiscar*, *roer* ou por procedementos gramaticais, como a repetición do verbo, adverbios de tempo, etc.:

E *pitisca* nas queiroas

Pero dinde que marchou o seu amo púxose a **roer** na orella do xigante

Andou **busca que busca** na rapaza

E eu **coidando** todos os anos nela

Polo tanto, non é esperable que aparezan nesta estrutura verbos puntuais resultativos que non conteñan en si semas durativos, como son *dar*, *tomar*, *atopar*, etc., nos seus significados e usos máis comúns. Non obstante, recolleemos exemplos de verbos normalmente de carácter puntual que por distintos procedementos adquiren significación durativa: *cerrar* (*E estivo toda a noite cerrando na ventá*), *acender*, *liquidar*, *pór*, *dicir*...

Incluso un verbo como *estrear*, comunmente puntual, adquire un matiz durativo que mesmo nos parece un tanto forzado na perífrase de xerundio:

E eu **ía estreando** nunha toquilla de la

Tampouco os denominados pseudotransitivos ou aqueles nos que o suxeito experimenta a acción ou recibe a impresión do obxecto, como: *ter*, *comprender*, *entender*, *oír*, *sentir*..., en principio non aparecerían nas estruturas con *en*, pero non se pode descartar esa posibilidade nalgúns deles, como este exemplo con *escoitar*:

(O programa) eu **escoito** tódolos días nel e gústame moito

b) Plano funcional

A diferenza de construcións verbais como *pensar en* (*alguén*) ou *falar de*, que son transitivas porque mediante a necesaria preposición e a rección dun complemento perden o carácter inicial de verbos intransitivos ou adquiren con ela un novo significado léxico, os verbos dos que nos vimos ocupando son xa transitivos antes de que medie a preposición entre eles e o complemento, polo que a rección de complemento é previa á aparición da preposición; esta non é necesaria para a rección do dito complemento.

O único cambio que acontece nestes casos é o novo valor significativo adquirido polo verbo, que afecta á súa semántica aspectual, non ó plano gramatical. Non se crea unha nova acepción ou significado léxico do verbo, non cambia a categoría de verbo transitivo, ó contrario dos casos vistos arriba e en xeral dos casos denominados de obxecto preposicional ou suplemento.

Noutras palabras, o verbo transitivo non esixe a preposición para poderse complementar. Podemos dicir que a preposición *en* actualiza só o sema durativo deses verbos,

non o seu conxunto significativo co cal incidiría unicamente no seu significado aspectual, pero non no seu significado léxico, o que podería levar a formular que non afecta as relacións gramaticais entre os elementos agás no plano formal.

Así pois, de admitir isto, ó tratarse previamente de rección de complemento por parte do verbo, e non de rección preposicional, non sería propia para estes casos, quizás, a denominación de obxecto (directo) preposicional ou complemento de réxime preposicional, que habería que deixar para os casos anteriores (*falar de*), e sería precisamente aquela rección a que nos permitiría seguir falando aquí de obxecto directo.

En cambio, de o verbo ter rexencia preposicional, e admitir ademais a construción con preposición *en*, como os casos rexistrados de *falar en*, *namorarse en* (e poucos máis):

Et falaron moyto en aquesto

Empezaban a falar no tardo, nas almas do outro mundo, en tudo iso

Ti se puideras namorábaste nunha mora

a denominación sería a mesma que a que tiña cando o verbo se complementaba a través da preposición *de*, é dicir, obxecto preposicional, suplemento, complemento de réxime preposicional...

4. HIPÓTESE DA ORIXE

Nas linguas romances comeza a estenderse o uso das preposicións como substitutas do sistema de casos, que pouco a pouco suplantan. Adquiriron as preposicións múltiples valores que contribuíron á confusión xa existente en latín, onde por exemplo unha preposición como *ad*, que acompañaba o acusativo, non expresa sempre necesariamente idea de movemento, como se advirte en *Esse ad portas*. As confusións do latín clásico serán herdadas polo latín vulgar (De Poerk/Mounin, 266-301).

Polo que se refire á preposición *in*, o acusativo queda ligado por ela á noción de movemento, fronte a *ad*, que se especializa na indicación de proximidade con algo ou alguén.

Tamén, cando se quería indica-la chegada efectiva a un punto, denotando a idea de hostilidade, era *in* a preposición que se usaba: *Pergere in hostes* ('ir ó encontro dos inimigos').

Igualmente, bótase man desta preposición cando se crea un verbo transitivo a partir dun intransitivo, como *adire*, derivado de *ire* (*adire in aliquem*, 'acercarse a alguén', 'ir ó encontro dalguén').

Polo tanto, a preposición *in* con acusativo expresa idea de movemento en dirección a algo ou alguén, e está asociada consecuentemente á extensión espacial da acción.

As primeiras documentacións romances, galegas e castelás, con *en* + acusativo expresan esta idea de movemento hostil cara a un obxecto, ou simplemente acción hostil

sobre un obxecto, sen que se produza necesariamente desprazamento en dirección ó obxecto, todo o cal implicaba un proceso no que se daba unha extensión, ben espacial ben temporal, como vemos en exemplos que, coma os seguintes, abundan na *Crónica Troiana* e noutras fontes documentais da Idade Media:

Et foron ferir enos troyaos

Começou a ferir en elles

Et começaron de matar e despedaçar en quantos topauan

O feito de que as estruturas transitivas con preposición *en* se asocien na lingua actual significativamente á noción dunha acción ou proceso durante o seu desenvolvemento lévanos a pensar na súa posible relación ou orixe no acusativo latino de movemento con *in*, tendo lugar un cambio no significado: da idea de movemento ou extensión espacial do latín a unha idea de duración temporal no romance. O significado inicial de movemento ou desprazamento, necesario nun primeiro momento (*Et fuy ferir en elles*), vai desaparecendo a medida que adquire valor significativo o matiz de extensión temporal do proceso (*Et ferian a rreveses en el*), ata o momento actual, en que xa non se advirte vestixio da extensión espacial, polo que non será necesaria a existencia, nestes casos, de verbos de movemento para a existencia da estrutura transitiva con preposición *en*.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Blinkenberg, Andreas: *Le problème de la transitivité en français moderne*, Copenhague, 1960.
 Cano Aguilar, Rafael: *Estructuras sintácticas transitivas en el español actual*, Gredos, Madrid, 1981.
 García Sánchez, Benjamín: *Semántica estructural y lexemática del verbo*, Avesta, Reus (Tarragona), 1980.
 De Poerk, G. / Mounin, L: “Réflexions sur les prépositions In et Ad dans quelques textes romanes” en *Vox romanica* 13, 1953-54, pp. 266-301.